

# EDUCACIÓN DIXITAL INNOVADORA

PROXECTO  
**ABALAR**



# PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL



## 1. QUE É O PROXECTO ABALAR?

O/A teu/túa fillo/a forma parte **dunha xeración que crece nun mundo conectado**, rodeado/a de smartphones, tabletas e ordenadores. **A educación non pode ser allea a un mundo cada vez máis dixital**. Por iso, desde a Xunta puxemos en marcha o **Proxecto Abalar**, enmarcado na Estratexia de Educación Dixital 2020, para proporcionarlle ao alumnado e aos docentes as **ferramentas tecnolóxicas** para que o ensino se axuste á realidade social na que viven as actuais xeracións.

Concibimos Abalar como unha iniciativa **para transformar a aula tradicional nunha aula dixital** coa implicación de toda a comunidade educativa: familias, docentes e alumnado. Para conseguilo Abalar iniciou a súa andaina en 2010 proporcionando aos centros educativos:

- O equipamento e a conectividade. ✕
- Contidos educativos dixitais.
- Accións de formación e difusión para docentes e familias.
- Canles de participación a través de espazos web e apps.

Abalar é unha **iniciativa viva en evolución constante** que ofrece contidos educativos exclusivamente dixitais para **aulas de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º a 4º de ESO**, grazas á **plataforma de aprendizaxe virtual E-Dixgal**. O/A teu/a túa fillo/a é un/unha dos **preto de 55.000 alumnos/as galegos/as que xa estudan unicamente con libros dixitais e este ordenador é a súa ferramenta de estudo**.

## 2. QUE OFRECE UNHA AULA DIXITAL?

As aulas dixitais están equipadas para ofrecer ao alumnado unha experiencia educativa adaptada ás necesidades **duns/dunhas rapaces/as** que se desenvolven nunha contorna tecnolóxica. Dispoñen **dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun portátil para o/a docente e dun ordenador por alumno/a**. Ademais, contan con **conexión Wifi** para que o alumnado poida acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.

O/A teu/túa fillo/a ten á súa disposición os contidos de todas as materias correspondentes ao seu curso na **plataforma virtual de aprendizaxe**. Isto significa que non emprega libros en papel. Pode acceder a esta plataforma desde calquera ordenador con conexión a Internet e empregando as claves que se lle entregan na clase. Tamén pode acceder á plataforma **sen ter conexión a Internet**, a través dun programa que xa vai instalado neste equipo.

Deste xeito, en caso de que non dispoñan de conexión a Internet na casa, o/a teu/túa fillo/a poderá seguir o curso sen dificultade. Calquera avance que realice sen conexión **será actualizado de maneira automática na plataforma** en canto o portátil volva a ter conexión a Internet.

## 3. A QUE CONTIDOS ACCEDE O/A MEU/MIÑA FILLO/A? ↻

Ademais do **material didáctico de cada materia** de varias editoriais (EDEBÉ, Netex Learning, aulaPlaneta e Pearson) integrado na plataforma E-Dixgal, os/as docentes teñen á súa disposición o repositorio de contidos **espazoAbalar** (<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos>) con **máis de 3.600 contidos educativos dixitais en 7 idiomas** que inclúen material de produción propia, entre os que se atopan os **contidos innovadores producidos polo profesorado galego** na iniciativa DIXIT.

Estes contidos están deseñados para **facilitar unha educación interactiva e participativa, empregando o portátil ou o encerado dixital**.

Ademais, o portátil proporciona ao alumnado un amplo conxunto de aplicacións educativas agrupadas por categorías como **imaxes en 3D de planetas, táboa periódica ou editor de moléculas para ciencias, dicionarios para as materias de lingua, apps de experimentos e circuitos eléctricos para física ou de operacións e gráficas para matemáticas, entre outras**.

O emprego destes recursos e ferramentas facilita ao alumnado a adquisición de competencias dixitais necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.



## 4. CARACTERÍSTICAS DO PORTÁTIL E COMO SE DEBE CONECTAR Á REDE NA AULA E NA CASA

O/A teu/ túa fillo/a dispón desde hoxe deste **PC Portátil, do modelo HP ProBook x360 11 G1 EE ou Lenovo ThinkPad Yoga 11e 5Th G** (ambos modelos co mesmo sistema operativo, as mesmas aplicacións, e características e prestacións similares), que pode ser utilizado tanto **no modo portátil como no modo tableta**.

**No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática**, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

**No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI** seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do "Network Manager".
- Seleccionar a rede WIFI á que se desexa conectar. \_\_\_\_\_
- Introducir o contrasinal e premer o botón "Conectar". \_\_\_\_\_

**Tamén pode conectar o equipo a unha rede fixa.** Se esta rede proporciona enderezo de xeito automático (mediante DHCP), unha vez conectado o equipo, o/a alumno/a non terá que realizar ningún tipo de configuración. Se non é así pode facelo seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
- Seleccionar "Editar as conexións". \_\_\_\_\_
- Premer "Engadir". \_\_\_\_\_
- Seleccionar "Cableada". \_\_\_\_\_
- Na lapela "Configurar IPv4" introducir os valores axeitados da conexión cableada. \_\_\_\_\_
- Premer o botón "Gardar". \_\_\_\_\_



## 5. QUE SE PODE E QUE NON SE PODE FACER CO PORTÁTIL?

O/A teu/túa fillo/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado. Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais, non poderá cederse a terceiras persoas. A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

- **Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.**
- No caso de ser necesario realizar unha reparación do hardware do ordenador, esta deberá **levarse a cabo nun servizo técnico autorizado** para reparar dito modelo de ordenador.
- Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera dano observado no equipo.
- O/A teu/túa fillo/a comprométese a **levar todos os días o ordenador ao centro** coa batería completamente cargada.
- O ordenador deberá **devolverse ao rematar** a etapa E-Dixgal, en perfecto estado de funcionamento, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
- O profesorado e o/a coordinador/a E-Dixgal do centro **poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno** co fin de constatar o seu estado.

## 6. QUEN É RESPONSABLE DO PORTÁTIL?

**A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos/as pais/nais/titores/as legais**, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña o dano de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía). Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e que estean recollidas na súa garantía.

**O centro proporcionaralle o formulario de asunción de responsabilidade** que debe entregarse debidamente cumprimentado e asinado no centro educativo.



## 7. SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL



Se así o desexa, **pode contratar un seguro anual** (válido dende setembro de 2021 ata agosto de 2022), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O **custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído)**, e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono **881 505 136**.

O **seguro cubre** os seguintes danos:

- **Rotura** de calquera compoñente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores...).
- Rotura do cargador de alimentación.

O **seguro NON cubre** os seguintes danos:

- **Roubo, hurto, extravío ou perda**, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lapis.
- **Rotura do lapis, ou da punta deste.**

## 8. EN CASO DE AVARIAS OU DÚBIDAS, CONTÁCTANOS



Se che xorden dúbidas sobre o uso da plataforma ou tes unha incidencia técnica podes contactar co **Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento** de luns a domingo a calquera hora, a través do teléfono **881 86 99 00**, do correo electrónico **soporte.premium@edu.xunta.gal**, ou da mensaxería instantánea no número de **WhatsApp 604 06 78 56** ou no **Telegram na conta @Serviciopremiumedixgal**

O Servizo Premium encargarase da xestión de avarías, incidencias, problemas e a aclaración de dúbidas e consultas sobre as ferramentas ou o equipamento que familias, profesorado ou alumnado poidan ter no Proxecto Educación Dixital.

Ademais, para axilizar a resolución de incidencias tes á túa disposición no equipo portátil a aplicación "Acerca da Maqueta Abalar" que, a través dun Código QR, simplificará a creación da incidencia ou consulta.



## 9. SEGUIE A ACTIVIDADE EDUCATIVA DO TEU/TÚA FILLO



Abalar pon á túa disposición diferentes canles online, a través do portal "**espazoAbalar**" e da **aplicación móbil "abalarMóbil"**, para que poidas seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/a e contactar co seu equipo docente.

### espazoAbalar

No espazo "**familias**" do Portal **espazoAbalar** <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> podes consultar toda a información académica do/a teu/túa fillo/a:

- Datos persoais do/a alumno/a.
- Cualificacións.
- Información relativa ao curso no que está, como o grupo, horario ou as materias que cursa.
- Condutas contrarias á convivencia.
- Calendario académico.
- Subscribirte ás novidades académicas do/a teu/túa fillo/a, que recibirás como notificacións a través de correo electrónico.
- Xustificar, se o profesorado o habilita, as faltas.
- Concertar citas, se o profesorado o habilita, co/a titor/a ou especialista.
- Servizos complementarios: as paradas do transporte escolar, o menú do comedor.
- Realizar o pago telemático do comedor.
- Acceder ao repositorio de contidos educativos.

O portal conta cunha guía explicativa de como acceder a todos estes servizos.

### App abalarMóbil



Ademais da web, o proxecto Abalar ofrécete a opción de seguir a actividade educativa do/a teu/túa fillo/ desde calquera lugar e en calquera momento desde o teu móbil ou tableta coa **app abalarMóbil**.

Pódela descargar dende App Store (se o sistema operativo é IOS) ou dende Play Store (se o sistema operativo é Android) para:

- Acceder a datos persoais.
- Consultar as cualificacións.
- Comprobar e xustificar, se o profesorado o habilita, as faltas de asistencia.
- Consultar condutas contrarias á convivencia.
- Solicitar unha cita, se o profesorado o habilita, co/a titor/a ou especialista.
- Consultar os datos do centro educativo.
- Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
- Consultar as incidencias creadas polo profesorado.
- Contestar, se o profesorado o habilita, as mensaxes enviadas.
- Modificar o idioma da aplicación.

# PROXECTO ABALAR

As actuacións do Proxecto ABALAR incluídas dentro da operación “Educación dixital - dotación de infraestrutura y servicios educativos digitales en centros” atópanse **cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE